

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

141

ANO MCMXXI



## SUMARIO

*Unificación e melloramento do idioma gallego*, por Manoel R. Rodríguez.—*Sinxela e francamente*, por R. Vilar Ponte.—*Marcelino Domingo e o nazionalismo*.—*Rua do misterio*, (versos) de Victoriano Taibo.—*Don Fuco o «vir bonus»*.—*Frente a Irlanda*, (versos) de Amado Novo.—*Ao Consello permanente das «Irmandades»*.—*Romanones e Maura en berlina*.—*A Festa d'Elviña*.—*Linares imortal morto*.—*Unhos comentarios*.—*Teixeira de Pascoaes* (caricatura de Alvaro Cebreiro).—*Os estudantes catalás e Cabanillas*,—*Liñas necrológicas*.—*O culto da vaca astral*, por Loís Amado Carballo.—*A loita dos traballadores da terra*, por V. Paz d'Andrade.  
- *Décimas do Cura de Fruíme*.—*Peneirando*.—*Follas Novas*, (libros e revistas)

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ó mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

# Ford

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Prezos dos acreditadísimos automóviles «FORD», que rexiron  
dende o 10 de Nadal do 1920 até a data

CHASSIS COMUN . . . . .	Pesetas	6.750
VOITURETTE para 2 pasaxeiros—aberto con arranque.	>	8.100
VOITURETTE > 2 > sin > >	>	7.450
DOBLE FAETON > 5 > con > >	>	8.650
DOBLE FAETON > 5 " " sin " >	>	7.950
COUPELET > 2 " pechado con " >	>	10.550
SEDAN > 5 " con * >	>	12.200
CHASIS AUTO-CAMION, con neumáticos . . . . .	>	8.050



Con motivo da recente Real orden do 19 do actual, poñendo en vigor, con lixeiras modificaciós, o antigo arancel que rexiu até o mes de Nadal do 1920, os prezos citados sufrirán unha enorme baixa, o que teñ o gusto de participar aos numerosos clientes do auto FORD que estiveran agardando esta reducción pr'a merca do mesmo.

Axíña recibirei da «Fábrica Ford», de Cádiz, outra importante remesa de coches e camiños, pol-o que os interesados en adquiril'os axíña pôden enviarre os seus pedidos pra evitar demoras na entrega.

Pra informes e toda crás de detalles diríxanse a

### LUIS GRANADOS AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda  
crás de accesorios para automóviles

Payo Gómez, 5 A Cruña Teresa Herrera, 6

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 141 — 31 MAYO 1921

## Unificación e melloramento do idioma gallego

E preciso desarrraigas os vicios gramaticais no idioma gallego, reformando o seu vocabulario, e mermando a regras precisas a sua gramática, ao fin de que sirva de guía a moitos dos nosos escritores contemporáneos, que pretendan facer pasar tales defectos por elegancias e fachendosas belezas gramaticais.

Moito temos que reformar para conquérir o fin deseñado; pero o primeiro que temos de facer é procurar conciliar a lectura d'as combinacions formuladas coa preposición e o artigo, desterrando d'ela o ridículo abuso do "apóstrofo" e "guión" de enlace, sinos que, empregados con abundamento, fan difícil a lectura e escritura até o extremo de ser ilegibles as fermosas e galanas composicions dos nosos escritores, os que siguen cada cual ortografía diferente pol-o modo de escribir as palabras, dubidan-do a cada paso o emprego, non só dos sinos anteriores, sinon tamén n-os "acentos".

Para mostrar d'un xeito e maneira clara a certeza do noso aserto, abónda poñer na man d'un neno duas composicions, unha gallega e outra portuguesa, e observarase que lee con mais corrección a portuguesa que a galega, ingente de ser para él menos familiar a diccion e frase portuguesas.

Imposible parece que, sendo o objeto d'os sinos facilitar a lectura e inteligencia do linguaxe, cheguen a surtir efecto contrario pol-a abundancia d'os mesmos conque os nosos insignes escritores gallegos plagian as suas composicions literarias. ¿Non é ridículo que a maioria d'o nosos poetas, por tal de lucir a sua erudicion, abusen de tal xeito do apóstrofo, guión de enlace e acento, até o extremo de facer ilegibles a prosa e o verso por somellar seus escritos á

solfada do "canto llano"? ¿Non causa risa ver un verso endecasilado cangado de sete, oito ou mais sinos, facendo así imposible a sua lectura? Rematen ja os nosos vates gallegos no abuso de tales "garrapatos", si queren lucir as grandes producções do seu ingenio.

Temos chamado a atención acerca de tan interesante asunto, e, ingente das poderosas razons ali sentadas para desenraizar de cheo o tal engorro na escritura, parece que a maior parte dos nosos escritores teñen feito orellas xordas. As nosas observacións, mais que a poñer de manifesto os seus errores, iban encamiñadas a facer resaltar o verdadeiro mérito das suas composicions literarias, e, tanto mais atinados eran os nosos preceptos n'este particular, que, si ben temos escoitado loubar as suas obras por persoas eruditas, sofrimos tamén o disgusto de oír deplorar a desastrosa ortografía empregada n-os escritos das mesmas; ingente de todo, temos observado con grande contento que varios distinguidos escritores non teñen despreciado os nosos preceptos.

D. Antonio López Ferreiro, quén emprega con moita parsimonia estes dous sinos até o extremo de proscribir o apostrofo en total-as contracciones das preposicioes c'o artigo, para formar a declinación galega: vexamos o que di este distinguido escritor no prólogo do seu libro "A Tecedeira de Bonaval":

"Para indicar esta propiedade do gallego, e ao mesmo tempo para evitar a obscuridade e a confusión, meto, como xa fan moitos, entre as palabras encoladas ou aglutinadas, ora o guion, ora o apostrofo.

Por eso, estes sinos economizos tanto mais podo, para non darlle á escritura a traza de un papel de música."

"Ben sei que n-algunhas cousas destas apárteme da Ortografía hoxe xeneralmente seguida no escribir e gallego: pero como estamos no período constitutivo, falemos com os políticos, creio que cada uno pode espoñer franca e lealmente as suas opiniuns. Pero, pol-a miña parte, protesto que estou prestes a

## Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Siñifican o máximun d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

adoutar e seguir ao pé da letra as regras que dalgum modo oficial se poñan e establezan."

Tamén o insigne escritor e docto catedrático de Dereito da Universidade compostelana D. Alfredo Brañas, convencido do prejuizo què fai á lectura galega a superabundancia dos taes sino, tivo por comenente proscribil-los dos seus escritos casi por completo, segun observase no seu artigo titulado "As linguaos rexionais".

Vede, entroco, a forma en que escriben os nosos insignes poetas; solfee ou lea o que poida:

Q'o qu'é pol-o d'oxe. (Curros Enríquez).  
Cas pingotas d'a-y-auga tecian. (Barcia).  
Quer saca-l'os pes d'a alforja. (Añón).  
Qu'a'veira d'ó Lerez medra. (Losada).  
Y-o berce d'o neno y-a cunca do sal,  
y-o Cristo de barro y-o testo d'o pote,  
y-o rabo d'o fuso y-a pedra d'o lar. (Ferreiro).

Haberá que se atreva a leer sin tropezo, as anteriores liñas, a non ser despois de ben estudas? E ainda así, ¿haberá quien poida ler-as despois de tal desmembración literal e silábica?

Juzgamos moi oportuno que os taes sinos teñen de desparecer por completo da nosa linguaxe gallega, e si algunha vez usaren-se, ten de ser exclusivamente cando, por medio das contraccións, dase lugar a homónimos e combinacions de doble siñificado, difíci-tes de describrar pol-o contexto gramatical, porque a soavidad e dozura da lingua dos gallegos consiste na superabundancia de vocaes moles, que dan orígen non poucas veces a encontros viciosos, taes como o "hiato", "aféresis", "ectlipsis", etc., e, para conciliar a fonación, é preciso preparar as palabras comenmente por medio d'estas figuras; mas os nosos modernos escritores deron na manía de atildar taes voces con apóstrofos e guions de enlace, con obxeto de asinalar taes figuras, armando tal jerga e galimatias na escritura, que ningún extraneiro é capaz de leer as suas composicions: por todo o exposto, somos do parecer que debe de restaurarse, en canto a este particular, a escritura dos nosos dantenpasados.

(Apuntes gramaticales página 10 a 14. "Crónica Troyana").

Manuel R. RODRIGUEZ.

## Sinxela e francamente

Eu son arredista.

Porque quero que a miña patria non viva sometida a ninguén, dependente de ninguén, en relación de subordinación categórica con ninguén; sinón ceibe, libre, soberán, dona dos seus destinos, siñora da sua vontade; sin outras relacións coás demais pátrias que aquelas relacións que son determinadas pol-a propia comenza, a salvagarda da propia segurança é a obliga natural, con semellas de impera-

tivo, que todolos pobos teñen de rechazar en o illamento pra viviren en sociedade.

Porque desexo que os fillos da Galiza, que os tural dentro da miña patria sexa a gloriosa lingua que nos pertenesce eiscrusivamente; e cuia importancia hacharse de cote en relación c'arredamento que haxa antre ela e a groseira lingua da Meseta.

Porque desexo que os fillos da aGliza, que os compatriotas, non teñan nada que os asemelle ós das "terrás probes e irtas"; decatándose de que en tal difrenzación, na elaboración de un arredamento grande, se hacha o segredo, o verdadeiro segredo, da libertade da Galiza e a prena reivindicación da sua personalidade nazonal.

Porque arelo, pr'a cultura galega todo aquelo que, faguéndoa orixinal, autóctona, europea no senso simbolista da verba, teña, pol-o mesmo, a virtude de trocalá en independente, en modalidade que se alonxe por completo das infruenzas e dos moldes de Castela.

Porque aspiro a que a miña patria sexa dona de unha forte persoalidade económica, creada por ella mesma, sustentada por ella mesma, sen dependencia nin subordinación de ningún xeito coás alleas.

Porque teño a pretensión — n-unha verba — de que a Galiza toda galega, netamente galega, eiscrusivamente galega o que supón arredamento, independización, crebadura de certas amarras—sexá pra nós soios en primeiro termo, e dimpois pr'a humanidade, sen difrenzación de categorías dentro da mesma, nen de nazonalidades; do mesmo xeito que querro que a humanidá sexa pra nós a vecindade agarmosa e aloumiñante, que acolla de cote as nosas coitas e os nosos dôres c'omo amore e o mesmo intrés con que nós aun acolleremos as coitas e as mágoas dos demás n'unha xuntanza fraterna dos pobos que o porvir deixa entrever—feitos irmáns polos impulsos do corazón, endexamais polos da forza.

E por querere todo isto, e por traballare pol-o trocamento en realidade de todo isto, que hoxe tan somentes é unha risoña espranza, é pol-o qu'eu son arredista, decididamente arredista; toda vez que, sen o arredamento total que desfaiga a malfadada unificación que nos puxo en trance de morte, non sería posíbel a iniciación da labore reconstrutora que terá de faguer xurdire, en vez do vello e ruiñento edificio estatal que hoxe constituimos c'os demás pobos ibéricos, a xúrdia edificación que os nazonalistas peninsulares temos d'erguere...

Ramón VILLAR PONTE.

## MARCELINO DOMINGO E O NAZIONALISMO

Despois da xeira de Marcelino Domingo por terras galegas, convén dicir algo de certas manifestacións suas, moi dignas de se teren en conta.

Marcelino Domingo, inda que republicano socialista, simpatizante c'oso sovietismo é un nazonalista forte. Como bô catalán ama a Cataluña por riba de todalas cousas. Non se fartou de lle dicire a cantos

galegos ouvíronno, que ele nas suas propagandas por Cataluña non emprega outra lingüa que a catalana, como non empreiga outra lingüa que está na correspondencia c'os da sua terra. Por iso sintéuse Iedo a o sabere que no Concello da Cruña había xa un edil que falaba en galego nas sesións.

Marcelino Domingo coida que o Estado hespñol ten fracasado. Coida que somentes Hespanha poderá voltar a ser grande e forte concedéndolle a autonomía ás diversas nazionalidades ibéricas, pero a autonomía ampla, a base de creación de tantos Estados rexionaes, con Parlamento propio, como sexa preciso. Coida que Hespanha somentes logrará xurdir dentro d'un réxime federal. E dixo que xa a Constitución republicana recoñecera a necesidade de crear aqueles Estados, que lonxe de seren un perigo para a unidade peninsular resultarían o único vencello armonizadora e patriótico.

Manifestou que mentres esista o actual i-absurdo sistema centralista, ningún hespñol sentiráse solidarizado c'o Estado. Tronou contra Madri símbolo de todal-as nosas decadencias. Afirmou que o terrorismo ha de ser causa pasaxeira, que axiña voltará a prantearse o problema de Cataluña integralmente, e que, cando isto aconteza, os republicanos nazionalistas, enemigos da "Lliga", sumáranse coa "Lliga" para liberaren a Cataluña, xa que ali, cando de cousas esenciais do catalanismo, se trata, non hai izquierdas nin direitas, senón que todolos cataláns son un só corpo i-un só espírito. Afirmar que o nazionalismo é conceito reacionario—dixo—e demostración d'incapecidade intelectual; é proba de que os que tal aseveran, non teñen ollos para veren a realidá; pois somentes—ao seu xuízo—pódease chegar a fraternidade universal pol-a plena liberación das nazionalidades naturaes, liberación que traguerá a morte de todolos imperialismos, i-o nacemento de secundas fontes de cultura, hoxe cásque enxoitas. C'o nazionalismo non só son compatibeis os credos ideiolóxicos mais radicalistas, senón que todo credo social para trunfar e imporse, terá que s'afincare, como n'un instrumento natural, no nazionalismo.

Marcelino Domingo declarouse tamén partidario do sistema electoral chamado da representación proporcional e da creación do Parlamento técnico á veira do Parlamento soberano, logo que este sexa expresión sincera da vontade popular e non enantes porque d'aquela nasceria fracasado.

Non foi, pois estéril para a nosa causa a xeira de Marcelino Domingo por Galiza. Este dóunos a sensación de home moderno, culto, honrado, serio, enemigo d'engaiolar con mentiras ás masas. O loifador político que nunca mais estivera na nosa Terra, leva d'ela unha impresión moi grata.

**Suscríbase vostede**

**A NOSA TERRA**

## VERSOS NOVOS

### Rua do Misterio

No engado das augas cantareiras  
ao alén  
camiño na canzón.

No engado das pardas neveiras  
ao alén  
viajo en corazón.

Adiante!

De cote a camiñare e a asenllare  
no alén do espazo  
no alén da terra  
no alén do mare.

Sulagado nas augas  
que beijan-as riveiras  
mergullado na brétema  
que bica as moufas cumes  
diluído na ola  
que chouta no lombo d'Atlante  
morto de sede  
vou onde as augas van,

A scentilar no orvallo  
a rir na fontaiña,  
a cantar río abaijo,  
a soñar cumio arriba,  
a bruar no balbordo do mar.

De eote adiante!

A esculcar—degarando—a cubizar—asen-  
llando-vou onde as aguas van.

Nos redemuños  
do vento,  
do río,  
da brétema  
e do mar.

Rua do Misterio,  
Rua da Saudade,  
Camiño da miña Terra.

V. TAIBO.

## Ao Consello permanente das irmandás

Adiante xa que non me considero persoalidá de ningunha cras, en Galiza nin fora d'ela, pro a miña condición de galego obrígame a decir meus pensamentos nas custions expostas polo Consello permanente da Irmandades.

Eu entendo, e quero, unha Galiza que se goberná económicaamente por si misma, sin a mescolanza aldraxante do poder central, cheo de comenencias.

Un réxime propio, económico e político, debe ser, polo de agora, todo o noso desexo, deixando

o Consello ou asambleia que entón se formaría para gobernarnos libertade bastante no reximen interior da enseñanza, a xusticia e as obras públicas.

E xa que da enseñanza falo, a nosa debera ser obrigatoria nas escolas públicas e particulares polo tempo mínimo de seis anos, ensinándolle os rapaces simultaneamente o galego y o castelán.

Na xusticia crearianse novas disposicións axeitadas ós costumes, feitos e indiosinceraza do noso pobo.

E nas obras públicas fagueríansen co-a maior rapidez as moitas que precisamos, especialmente camiños de ferro, carreteras e canales de rego.

No meu conceito no nos convene unha libertad absoluta. O exército e o reximen militar en pleno, debe ser o mesmo que temos, ainda que fortificando os portos como requieren as necesidades modernas.

Tamén precisamos representación no Parlamento hispánico, pro os nosos diputados fagueremo-lós nos mismos, sin que na elección e aprobación definitiva das autas interveña mais Tribunal de xusticia que o que nós teñamos por superior dentro da Terra.

Nos demais asuntos será o Supremo que temos hoxe quén diga a última frase e o noso xefe político, civil e militar, en calquer orden y en todolos casos, ten de ser o Rey de España.

E, por último, enlevo o Consello permanente das Irmandades un aprauso sinxeló e forte polo acordos tomados na terceira Asamblea nazionalista celebrada na cibdá de Vigo, especialmente polo dos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 19, 20, 21, 23, 24 é 25, reservando a miña opinión sobre os 8, 17, 18 é 22 e protestando enérgicamente contra o número 13, por consideralo contrario ós direitos dos homes libres, base da nosa aspiración.

Joaquín VILLA LORENZO.

## Cabanillas e os estudantes catalás

Como xa tiñamos dito, na Asociación Catalana d'Estudiantes de Barcelona, houbo un acto solene de leitura dos millores poemas de Ramón Cabanillas, despois dunha notabre conferencia preliminar que acerca da persoalidade do noso poeta, dou o ilustre escritor Tomás Garcés.

Os versos de Cabanillas foron moi apraudidos pola numerosa concurrencia que enchía o local da Asociación de estudiantes cataláns.

O Sr. Garcés—digno da gratitudade dos bós galegos—foi tamén loubado en xustiza.

Idevos decatando de que, namentres os casteláns nos aldraxan, os cataláns, coma de cote, tratan d'ergueren os nosos valores.

Falou millor o catalán Garcés de Cabanillas, galego, que o parvo Linares, galego de pía bautismal (si é que é galego de pía bautismal, pois coidamos que o cristinaron en Madrid, onde nasceu) ten falado de Curros.

Os estudiantes cataláns enviáronlle tamén un querendoso telegrama de saudo ao noso poeta da Raza.

## Don Fuco o "vir bonus"



Inda nos parece un sono a sua morte. Hai homes que tardan moito os amigos en se dare por convencidos de que teñan desaparecido para sempre. E con "Don Fuco" iso nos ocorre.

E "Don Fuco" xa áchase acochado no terra fría do cimenterio. Aquel home tan bô, tan nobre, tan servicial, tan sincero, aquel home todo corazón, tan namorado da Patria, tan enxebre, do que se pode decir, coma de ningúén, que non deixa un só enemigo, tómolo perdido para sempre.

E certo que ele vivirá nas suas obras e que cantos se preocupen das cousas de Galiza, no senso histórico e arqueológico, hánse de ver obrigados a relembralo eternamente. Porque o ilustre Tettamancy deixou unha labor moi considerábel. Mas o amigo, o irmán, xa non voltará a er, entre nós, o compañeiro de loitas a quen profesábamos un fondo agarimo i-un longo amore. Xa non saberemos más dos seus encabuxamentos súpetos nin dos seus cariños intensos. A man patriota y erudita que tantas follas notabres dedicou as cousas galegas, xa é un anaco frío de carne a apodrecer. Non a voltaremos a apreixar.

Con don Fuco perde a Cruña un dos seus homes representativos; e perde Galiza un propagador das suas grandezas. A "Irmandade da Fala" da que foi un dos fundadores entusiastas, ha de choralo sempre, como xa ven chorando a outros. Na "Irmandade" ten dado conferencias, en "A Nosa Terra" ten escrito páginas cheias d'interés, c'os irmandiños interviu en algúns actos de propaganda ¿Cómo esquencelo pois?

O nome de Tettamancy levámolo chantado no corazón, y habemos de señalarlo con orgullo ás novas xeneracións para que adéprendan nos seus talentos e nas suas virtudes "a esculpir a propia estatua."

Probe don Fuco, cuya lembranza trai o pranto aos nosos ollos! ¡Que pouco s'acerta a decir cando se sinte moito!

# Frente a Irlanda

Que tristes as olas van  
a bicar tua praia ignota  
onde paresco que llota  
toda a brétema d'Ossian!

Saberán cecais os mares  
do sofrir da tua Raza  
que entre saloucos s'abraza  
aos Cristos dos seus allares?

Sáben'o ¡ai! que as olas belas  
con amor cincuenta en coro...  
Irlanda: tamén eu choro  
tua escravitu co elas.

Y-eu quén són? Névoa que amasa  
a vida, voz que se afoga,  
e un espírito que boga  
e un pensamento que pasa.

Que o passar o dío ve  
no teu rosto en dío apreixo,  
e o'ollalo deita un beixo  
e logo di... ¡non sei qué!

Adeus, Eirín! Cativo son'o  
mais en min tamén esconde  
un sono mortio... ¡tan fondo  
tan fondo com'o teu sono!

Soilo que tí vivirás  
anos d'anios, par'a arela  
d'unha Raza ver trunfar,  
i-eu son cal folla marela  
e murcha que anda a voar.

(Do libro "Exodo", de Amado Nervo). Traducción  
de F. PITA.

## ROMANONES E MAURA, EN BERLINA

### O federalismo i-o rexionalismo trunfantes

¿Non vos lembrais de que vai para tres anos que o conde de Romanones dixo no Parlamento, contestando a un catalanista, que ali non se podía falar de autonomía, o que lle dera pretesto a Cambó para facer decatar a todos da enormidade do conde?

¿Non vos lembrais que, inda tempo adiante, Maury, n'un discurso dos chamados patrióticos, c'os ollos en branco afirmou, e no "Diario de Sesións" áchase consignado, que iso do federalismo xa era unha causa arcaica e fora de moda?

Pois os políticos franceses andan traballando para imponeren o principio rexionalista no seu país. Fracasado o proyeuto de Reibel, agora estúdase o de Cobrat. Francia, despois da guerra, coida perciso acabar c'o centralismo.

Y-en Inglaterra, xa sabedes que Murray Macdo-

rald presentou un proyeuto de lei ó Parlamento de Londres para establecer o réxime federal, a base de diputacións e senados locaes en Inglaterra, Escocia e País de Gales, co'as mesmas facultades e poderes que a lei fai pouco aprobada para Irlanda concede a esta terra heroica. Y o "The Times" louba con entusiasmo a ideia.

¿Que talla d'estadista pode ter para vós un Romanones que coida (coidaba, millor dito, fai tres anos, criminoso o falar d'autonomía), ou un Maura que calificou onte casi, de antigualla o federalismo?

## A FESTA DA FUNDACION DAS "IRMANDADES"

### A Romaría a Elviña

O domingo faceráse a xa tradicional romaxe ao sotou d'Elviña, onde vai para alguns anos celebrouse c'un acto solene a fundación das "Irmandades da Falia", baixo a presidencia do poeta da Raza, Ramón Cabanillas e co'a adhesión das persoalidades mais ouotos da intelectualidá galega.

As "Irmandades" sempre rexas e cada vez maís fortes e mais dispostas a loitaren pol-o ben da Terra, non poden esquecer nunca aquela xornada histórica. E queren por iso que a festa relembrativa da mesma teña cada ano maior releve.

O domingo, pois, é seguro que tódolos irmáns que non atopen causa que llo impidamente, acodirán ao sotou d'Elviña, onde han disfrutaren d'unhas horas camprestres cheias de ledura.

¡Viva a festa das "Irmandades"!

## AO QUERER FACERSE IMORTAL

### Linares, morreu ridicolamente

Tencionábamos facer un traballo crítico encol do valdeiro, ridícolo e parvo discurso que Manoelino Linares Rivas léu ao ingresar na Academia Española.

Mas como xa algúns xornaes falaron d'isto, provando que Linares non fai senón tonterías, e como xa a estas horas ninguén fica sin se convencere de que é nulo o talento do autor do "Cristobalón" (a obra "mais sua") somentes copiaremos o que un xornal importante, "La Voz de Madrid", non sospechoso d'enxebrismo, dixo do discurso de marras:

"Aun los que no van a recepciones académicas saben ya que el domingo fué día grande para Galicia. Una Academia recibió a Bugallal; otra, a Linares Rivas. El uno eligió a Besada; el otro, a Curros.

Por cierto que en los elogios de Linares a Curros hemos leído frases harto curiosas: "Aún los gallegos no entienden muchas veces su gallego"—dice de Curros el autor de "Cristobalón". Como el discurso del Sr. Linares no es más que un "donde digo digo", y bien lo declara al terminar ("Alabé a Curros, sí, pero en el fondo de mi alma estoy alabando a Galicia") ¡quién sabe si también allá en el fondo de su alma, al decir que los gallegos no entienden a Curros, alude a los que no gustaron de "Cristobalón"!

Y sigue diciendo el Sr. Linares: "Cuando la idea

le impulsa, va recto como un álamo á la idea, a expresarla como la concibe, y entonces, sin cuidado le tiene que la frase no sea muy castiza ni que a la metrificación le falte o le sobre alguna sílaba." " También aquí se retrata el Sr. Linares, y basta leer su discurso. Lo que le tenía a Curros sin cuidado, a él te importa un puto: Curros, tal como su ensalzador se te imagina, es un gran precedente. Eso de ir como los álamos a las ideas resulta muy cómodo, en especial para los álamos. Las ideas pueden dormir tranquilas."

## Unhos comentarios

POR CARAMBOLA...

O Concello da Cruña, con motivo da morte de Emilia Pardo Bazán, lembrouse de outras duas mujeres geniaes da Terra: Rosalía Castro e Concepción Arenal.

E tomou o acordo de pôr os seus nomes con letras d'ouro no salón de sesiões.

Querse decir que sin a morte de doña Emilia, as outras para os concelleas seguirían esquecidas.

Pois homenaxe por carambola se chama isto.

Mas que se fagan moitas carambolas do mesmo xeito.

### FESTEXEIRAS.

"Acción Coruñesa", noso querido colega, ten publicado un programa de festas.

Atopámolo ben en total. Inda que na "Ráfaga" de Vigo polo xeito festivo d'este boletín, estaría millor encaixado.

Verbigracia, aquello de Festa d'affirmación rexional con todolos alcaldes da Galiza asistindo a unha corrida de touros.

Somentes que de se levar á realidade compriría que as "primeiras pedras", de que fala o proyeuto de programa se "colocaran" ise día.

Catrocentos alcaldes caciquis feitura do caciquismo, merecerían tal homenaxe e moitos mais do mesmo xeito. Inda que resultasen "cruentos"—con perdón do Sr. Suárez González, home agora tan festivo que descoñece o significado da palabra. Un home que lle chamou "cruento" a La Cierva, sin llo querer chamar, e dixo que él andaba no "éxodo cruento" de facer as festas cruñesas!...

Outro número digno de ser proposto pol-a "Ráfaga" de Vigo é o do homenaxe á Pardo Bazán, con discursos de Maura, marqués de Figueroa, Carracido e Linares. Maura, como presidente da Academia Española, que lle negou a entrada n'ela a doña Emilia, admirabel. Linares, coma "concedor" de Curros e como enemigo que foi da condesa, delicioso. O marqués de Figueroa, coma modelo d'estilistas, exemplar. E Carracido, coma fósil científico, kolosal.

Outro número tamén moi galleguista parécenos de pôr as primeiras pedras dos grupos escolares de Curros, a Arenal, e "Altamira". Y o d'abrir a primeira carreira do parque... "Xaquín Costa".

¡Que esquisitez cultural e que amor ós valores galegos hai na Cruña!

Mas este número derradeiro xa non'os parece axeitado a un boletín com'a "Ráfaga", porque a "Ráfaga", inda sendo festivo, quer que coroe a Vigo na eume do Castro, o pazo de Galicia, idéia de Palacios.

Os nosos grandes Mestres

## TEIXEIRA DE PASCOAES



ALVARO  
CEBREIRO

Falarmos d'este ilustre portugués, como querendo apresentalo aos nosos irmaos, tería de resultar ridícolo. Porque ja é ben conocido dos leitores e áchase nimbado pol-os loureiros d'unha sona universal.

E o mais alto representante do nazionalismo espiritualista na Iberia; e tamén un dos mais geniaes poetas contemporáneos. Y-é ainda o mestre de todolos intelectuaes galegos mozos e de toda a mocidade portuguesa d'agora.

Teixeira de Pascoaes co'as sus teorías poéticas, de xeito filosófico acerca da saudade, creou un novo valor patriótico común ás terras d'alen e d'aquén o Miño. Levou ás letras portuguesas un espiritualismo nobre e fecundo, mais aveciñado o sentimento que co'a inteligencia, capaz de pôr en estado nacente futurista a i-alma da Lusitania.

Na sua "Arte de ser Portugués" que ningué gallego ten d'ignorar, áchase a sua persoá viva encarceada; áchase o porvir luminoso de Portugal i-o porvir luminoso da Galiza. Nos seus versos esquisitos todo lirismo da Raza común vibra de maneira admirabel.

Teixeira de Pascoaes, que inda non conta corenta e catro anos, ja ten conquerdido a inmortalidade. E ja ten feita unha escola, a escola do saudosismo patriótico, flor sublime da Raza luso-galaica.

A sua distinta figura, sempre d'actualidade para nós, hoje no xeito físico, reducida a rasgos sínxeles de caricatura pol-o lápiz notabre de Alvaro Cebreiro, é honor e i-adorno d'esta folla enxebre que sauda ao mestre con moito amore.

## LIÑAS NECROLÓGICAS

O noso querido irmán Vicente Risco, áchase abraiado por unha fonda pena. Por unha pena que aboya por riba de todal-as expresións d'afeuto e de todal-as palabras de consolo.

Ele ten perdido ao seu bô pai, e siente porén o valeiro d'un agarimo inequívoco na intimidade do fogar.

Moito queremos a Vicente Risco, moita estimanza e devoción gardamos para ele os nazionalistas galegos, cantos formámos esta estreita familia espiritual das "Irmandades", e polo mesmo, facemos nosa a sua dôre iás suas bágoas sumámol-as nosas.

Vicente Risco poderá decatarse de cómo cantos somos profesos na religión do galeguismo nas horas de tristura para un, todos espiritualmente nos unificamos. ¡Bendita "Irmandade" de un para todos e todos para un!

\*\*\*

Outro irmán noso, moito estimado, Francisco Vázquez Enríquez, anda tamén a chorar unha perda dolorosa: a do seu sogro, a do pai da sua distinta dona, acaecida fai poucas datas na vella Compostela.

Vázquez Enríquez recibiu proba do noso sentimento fraternal con motivo d'aquela disgracia. E podo ver como en espírito, à sua veira, estivemos todos os irmáns na santa causa nos seus maiores momentos de tristura.

## O culto da Vaca Astral en Galicia

Todas as relixions d'o mundo tiveron n'as verdades predicadas por seus fundadores moy grandes anaxias, e todas coincidiron n'o culto primitivo, n'a devoción a vaca, símbolo d'a agricultura e d'o traballo ó común pensar.

Eisi o nome Gantama, adoutado por Sindharta Muni, non eispresa senón a ideia de "vaqueiro", "home que coida d'a vaca". Na remota antiguedade a imaxen de Iris era representada coroada de tres testas de touro. Tamén a poesía vedica fala d'as vacas gardadas pola serpente "Ahí" que fono roubadas por "Pani".

A mitoxía griega ocupase d'as vacas de Gerion, rey d'as illas Oestrymnides d'as costas galegas que fono roubadas por Hercules dempois de dar morte os guardianes.

A testa de Gerion foi enterrada polo fillo de Hercules Ualactes ó de d'a torre que levava o nome d'ese Deus situada n'a Cruña.

Y'eisi fundouse n'a nosa terra mdy lontamente o culto a vaca, que tivo moitos tempos e que simbolizaba no poder de Gerion a obscuridade, mais no poder de Hercules xa eispresa o mais perfeito sino d'o Sol.

Este traballo imposto ó matador d'Anteo por disposición d'o oraculo d'Apolo é a eterna loita d'a maxia branca c'a negra o poder dos deuses triunfador d'os demos.

A importancia do culto à vaca faixe notar n'o alfabeto ó pasar os sinos d'a ideografía à representación simple.

O derradeiro sino e a letra fenicia aleph que significa boy y'este e orixen da primeira letra de todos os abecedarios d'o mundo.

Mais tarde foi invertida polo Iberos facendo ista letra. A que despois viu de Grecia xa transformada igual à nosa "a" c'o nome de Alpha.

Tamén d'ista devoción derivaronse mitos nómades. Touron, Touredo, Touriñan, etc., o mesmo que os procedentes d'a rais basca Cecen (Touro), verbi gracia, Cecebre, Ceceda, etc.

Dempois foi identificado este culto segun Diódoro Liciiano c'o de Baco, de donde van o nome de Líbredon, donde foi sepultado San Yago.

En fin, a vaca encerra un gran hermetismo. A misma insinúa adoutada pola S. T. non quer decir, según moitos, a humanidade, senón a sintetización representativa d'a verdade alumeante. É a testa d'a vaca virada caro ceo, pois n'este senso é empregada en moitas moedas antigas.

Luis AMADO CARBALLO.

## Pequenos ensaios

### A loita dos

### traballadores da terra

(A)

I

#### OS TEMPOS...

Prós agros galegos son chegados os tempos de loita.

Os agros galegos despertan, pesi-o esmagante asoballamento caciquil, instrumento e froito do centralismo. A verdadeira Galizia produtora, a das leiras i-a das riberas, sinte agora, dimpois de catro séculos de servidume tremores de fortes rebeldías escontra o imperio das vellas oligocracias. O espírito d'asociamento solidariza voluntades i-encadeadas esforzos nun comün afán de libertade e milloranza. Ali onde antano había senón unha eirexa, e dimpois unha eirexa i-unha escola, hai oxe una eirexa, unha escola, i-unha sociedade de labregos. A produción agraria é o mais importante dos factores da economía galega... Emporiso o problema do traballo da terra na Galizia ven a sere—fora o da persoalidade nacional, qu'é o primeiro problema de todos os pobos—o mais vivo e candente de cantes antres nos s'axitan no actual momento histórico.

II

#### A PARADOXA DO FRACASO.

Mais, pesi-a toda ista importancia, urxencia e intensidade da nosa custión agraria, o éxito conqueredo non amea cora magnitud do movemento; as desexadas soluciós se non antrollan siquera en lonxanía. Xa chovéu moi dende que se deixaron ouir os berros precursores da nova rebelión vindicadora dos direitos do home do sulco, e ainda non chegamos a abranguer causa de proveito no tarreo das realidades políticas i-económicas. D'os carenteito distritos de Galizia, nuns a maoria e n'outros a totalidade dos eleitores son xente labrega, e ainda asin se non sentou no Congreso d'España un soilo diputado agrario. A loita escontra o caciquismo i-os foros—as duas sobrevivencias feudais que n'os tempos d'agora provocaron con mais forte e unánime irritación as rebeldías da raza—leva xeito d'adquirir unha crónica persistencia...

E se isto acontece realmente, con sobra numérica de forzas alegradas de vontade de loita, cales son os causas da paradoxa do fracaso?

III

#### INCULTURA LABREGA

A opinión avulgarada e corrente—que non sempre adoita ser a mais verdadeira, senón a mais caudidamente cómoda—sinala com'a principale d'aquelhas causas a xeneral incultura labrega. Oise dicir a co-

tio, que ao noso labradore denantes de lanza-o à loita é perciso instruí-lo; que par-o redimire civilmente hai que escomenzare por faguer d'il un home culto, donándolle a concencia dos seus direitos por meio da escola. D'outra maneira—engádese—non sahíre endexamais da servidume, senón que, a todo mais, conquerirá un troque d'amo, un siñore novo tan absorbente coma o cacique antigo a volta do tempo preciso pr'o afincamento do seu dominio adventiceo. Porque os labregos, sen lus d'intelixencia propia pra se decataren da sua categoría civil e iñorantes da noción dos seus direitos e deberes cibdadáns, cando s'atopan enleados nalgún dos pequenos ou grandes conflictos da loita pol-o pan e da vida en sociedade, buscan-o auxilio alleo, acoden á persoa que ten-a aldeia ou na vila carta branca pr'arranxal-o todo, sen que lles importe pouco, nin moiño deixar hipotecadas concencias. En troques, se o terruñeiro estivera capacitado para se movere sen rodrigamentos nin tutorias; se non vivira de cote esposto a ter que demandare a protección do siñore, non xurdiría o caciquismo, pranta maldizoada que frolece encol dos tarreos abonados pol-a incultura.

## IV

## PRIMEIRO LIBERTADE...

Eu disinto da opinión avulgarada e corrente... E non porqu'iso de querer facer do labradore un home ilustrado esteña mal falado, inda que cheira a palique de diputado cuneiro... Dísinto porque, ollando o porvir práctico do problema, pretendere que a capacitación cultural do terruñeiro ha d'antecedere á sua redención, é o mesmo que desexarlle a eternización na escravitude. Percisamente coido—reflexando a ideia de Julio Senador—qu'entramentras non libertemos ao labrego das servidumes económicas non se criará n'il a necesidade da cultura. O comer é primeiro c'o leire. Denantes que todo, unha vida humán e ceibe. Cando o traballador da ferra teña unha reativa folgura económica, estoncés abriránse novos horizontes á sua y-alma e xurdirá n'il o apetito da cultura. Entramentres non apeteckerá senón pan...

## V

## CRISE D'IDEYALISMO.

As causas que vimos persegundo son outras. A paradoxa do fracaso ten-as raises na ausenza d'espirituallidade. O agrarismo galego eisiste somentes coma movimento inconcreto, como forza desatada e xenerosamente infecunda. Ata o día, foi unha loita pol-a loita, e a loita non pode ser fin, senón meio. O agrarismo, coma doutrina política ou sociale non eisiste: faltalle un vencello espiritoal d'esforzós; faltalle a fe n'unha ideia intransitoria; faltalle dogmas perduradores.

Ista crise d'ideyalismo provén de que n'o agrarismo galego os apóstoles precederon ós pensadores; provocóuse o levantamento das masas sen antes se definire a ideoloxía, sen se facer a esposición de doutrinas; apareceu a apologetica sen rudimentos da filosofía.

Entramentres este valeiro non s'encha, por moiros mirages d'organización que se logren, nunca teremos feito mais da mitade da obra: a unidade material. Quedará ainda por facere outra mitade: a unidade espiritual.

## V. PAZ D'ANDRADE.

## DÉCIMAS DO CURA DE FRUIME

a Excma. Sra. Marquesa de Camarasa

Co o desexo de acordarvos  
que en Galicia o seu funduxe  
ten a vosa nobre fruxo  
vou en galego a falarvos:  
De esto non hay que estranarvos;  
antes ben, facendo gala  
de "esta nación", estimala,  
e si porque moyto dista,  
non a conocés de vista,  
conocédea pol-a fala.

O que no meu peito pasa,  
decervos quixerá agora,  
miña moi nobre Siñora  
Marquesa de Camarasa:  
Mais si ha de ser pol-a tasa  
do meu reconocemento,  
non é posibre o que intento,  
pois para eso, a ben ser,  
me facía faila ter  
todo o voso entendemento.

Sí, miña Siñora: o meu  
é moi cativo, e minguado,  
con que non pode o coitado  
dar mais do que ten de seu:  
Por un ninguen me teño eu,  
posto na vosa presencia,  
e non me estrevo en concencia  
a falar, sendo un Jan-pan,  
con unha Siñora tan  
grande, como Voselencia.

Grande sódes, e esto non  
soilo pol-os herdamentos  
dos Cobos, e dos Sarmentos,  
que en tanta altura vos pon:  
Por unha e outra razón  
a vos a Grandeza pasa  
de Ricla, e de Camarasa,  
e anque esta fan alto guinda,  
vos sodes, Siñora, ainda  
mais grande que a vosa casa.

Esto é certo, porque vos,  
por tan xenerosa, e boa,  
hoxe sodes a coroa  
dos vosos nobres Avós:  
Por eles sabemos nos  
tendes estados e rendas  
con regalias tremendas,  
mais todo esto e nimigalla,  
que por moiyo e ben que valla,  
non chega coás vosas prendas.

Mais de estas, que son patentes,  
non quero falar, porque  
para vos, o oilas é  
como rallaryos os dentes:  
xamais tivestedes mentes  
de alabamentos por elas,  
e anque percurades telas  
de todos para o proveito,  
sempr'e estades con despeito,  
por non poder escondelas.

Mais non podés, porque o lume,  
por moiyo que se atafegue

logo o venta quen se achegue,  
anque del non vexa fume:  
Xa sei tendes o costume  
de obrar ben con un profundo  
sagredo, mais n-eso fundo,  
que hai de vos novas mais cheas,  
porque das vidas alreas  
sempre fala moito o mundo.

Eu pol-o menos de día,  
e de noite, si aquí Dios  
me dese cón quen, de vos  
falando sempre estaría:  
De eso non me fartaría,  
pois tería en eso groria;  
mais tamén cousa é notoria,  
que si por non poder mais,  
a língoa cala, xamais  
esta calada a memoria.

Esta decote decindo  
á orella mñé está: ¿qué fas?  
¿dónde, Siñora, acharás  
de xenio mas nobre e lindo?  
Ti de ela estás recibindo  
honras sin comparación,  
e anque todas grandes son,  
a que causa mais espanto,  
é a de facerche canto  
no seu nobre corazón.

¿Cón qué has de pagarlle, dí,  
(si podese cabér paz)  
o que sendo quen é, faga  
conta de un tal coma tí?  
Eu respóndolle, é así:  
mais tamén así se vé  
a sua bondá; porque  
tanto favor, é tan bó,  
non mo fai, por quen eu só,  
si non por ser ela o que é.

De esta maneira entre mí  
falo de vos á calada,  
e din n-esta matinada,  
desde que en ser voso din:  
Moitas veces presumín  
decervolo, como agora,  
mais como sodes Siñora  
tan grande, non se estreveu  
a musa, porque temeu  
á nota de faladora.

Pero hoxe mais advertida  
conoce andou a ó revés,  
porque unha expresión cortés  
naide a ten por atrevida:  
Pol-o mismo arrepentida  
de haber calado, hoxe fala,  
pois anque para excusala  
non faltaría disculpa,  
sempre que é dudosa a culpa  
o mellor e confesala.

Sírvase, pois, Voselencia,  
de botarme a ausoluzón,  
pois en esta confesón  
descargo a miña concencia:  
espero esta indulxencia,  
que lle pido sin falacia,  
propondo con eficacia,  
como (Dios diante) endicio  
vivir no voso servicio,  
e morrer en vosa gracia.

## PENEIRANDO

A pesar do moito que traballaron os ferrolanos pra  
que o moimento aos héroes de Cavite e Santiago de  
Cuba, forá feito n'aquel pobo, vaise facer en Carta-  
grena.

A nós impórtanos moi pouco ao que se faiga ou non  
no Ferrol, pero é unha proba mais do pouco disposi-  
tos que se achán a servirnos os políticos centralistas.

¿Cando os galegos se decatarán d'esto?

\*\*\*

Cando xá coidábamos que morrera aquelo da  
"pequeña patria", a "Voz" e o Instituto de Estudios

¿Cantas pátrias terán estos señores?  
¡pódese decir gallegos? volven a falar do mesmo.

\*\*\*

Un disgraciado, da provincia de Lugo, que foi  
a América para ser dependiente i-andar en mangas  
de camisa, saíndose do seu terreiro, fixose cronista. E  
n'un xornal da Habana, dende Nova York, escribe  
parvadas tan cursis como cheias de asnadas.

A derradeira é falando do portugués. Di que o  
portugués resulta lingüa aspra, somellante a ladri-  
do de can.

¿Coñecería algun portugués ese parvo ridículo  
para quen o inglés, o alemán i-o castelán son lin-  
güas doces e moles?

Trátase d'un Rodríguez què si algun día torna a  
Galiza xa haberá de se decatar como "acá" non pode  
ser ningún parvo persoia.

Y-él ornea.

\*\*\*

E vergoñoso que ninguén tome a iniciativa para lle ren-  
der un homenaxe o gran galego que tanto traballou pol-o  
ben da sua Terra, D. Francisco Tettamancy.

Nós agardábamos que xurdira un amigo do ilustre fina-  
do, ou un organismo simpatizante c'o seu labor cultural e  
patriótico que fixera algo.

E nin ese amigo nin ese organismo xurdiron ainda.

Agardaremos outro pouco, e logo a «Irmandade» facerá  
o que poida.

\*\*\*

Finóuse Eduardo Sánchez Miño. Somentes no rexistro  
civil vimos escribido o seu nome. Ninguén ll'adicou unhas  
iñas de lembranza.

Pois ben as merece quen, como Sánchez Miño, fixo canto  
lle foi posíbel para erguer a dramática enxebre.

Foi, c'o malogrado Jambrina, dos fundadores da Escola  
Galega de Delamación.

Pro coma morreu probe, como non podía facer favores  
a ninguén, coma non era cuneiro nin cacique, pois..... a  
esquecelo.

Nós temos unha lembranza garimosa para o bo galego.

FOLLAS NOVAS

# Libros e Revistas

Riqueza monumental y artística de Galicia.

O Delegado Regio de Belas Artes da Cruña, don Angel del Castillo tivo a bondade de nos enviar un exemplar da notabre conferencia que dou no "Circo de Artesanos" o 6 de Maio do 1920, acerca do tema que figura en col d'estas liñas.

O señor Castillo con este pequeno libro presta un bô servicio á Terra, xa que ele ven sendo un inventario dos principaes monumentos e xoias artísticas que conservamos ainda. E libro que deben coñecer todolos galegos amantes das suas cousas. E libro que gardaráse con amore nas Bibliotecas. Libro patriótico.

Moi obrigados pol-o agasallo. Y-a nosa sinceira embora ao señor Castillo.

#### "El Ebro".

Temos recibido o número 52 da culta revista "El Ebro" órgao da mocedade aragonesista. Ven todo ele dedicado á lembranza de Joaquín Costa, con motivo da velada d'homenaxe que na "Unión y Juventud Arangonesista" se lle fixo.

Temos mentes de falar con amplidú do interesante nazionalismo aragonés. Aragón tamén achase enfrentado contra da absurda hexemonia de Castela. Os arangonesistas demostran que Costa foi nazionalista.

#### "A Veu de Catalunya".

Este importante i-autorizado xornal órgao do nazionalismo catalán dende fai algún tempo ven concedendo espazo nas suas columnas a canto se relaciona c'os diversos movimentos rexionalistas ibéricos.

Y-en moitos números do colega reproducese cousas en portugués e galego.

As ideias d'este boletín A NOSA TERRA atopan frecuentemente eco na "Veu de Catalunya".

Moi obrigados a ese xeito de fraternidade aó que nos correspondemos.

#### Un poema novo de Cabanillas.

O noso poeta da Raza, romatou un poema, feito con fondo amore, acerca do Cebreiro, o Monsalvado galego. Esq poema cuias primicias ofrece ao Ateneo de Vigo, ha ser un novo moemento da nosa literatura. Unha obra cume do presente rexurdimento da fala e do lirismo patrios. Unha ofrenda xurdia ás nosas gloriosas tradicións.

#### Cinco novas libros galegos.

Axíña imprentaránse cinco novos libros, que os devotos d'unha cultura propia feita na nosa fa-

la, agardan con interéss fondo. Un de versos, de grande poeta Victoriano Taibo, cuia personalidade orixinal acharáse encareeada n'eles. Outro de Ramón Villar Ponte, acerca do nazionalismo, doado para a divulgación das nosas patrióticas e humanitarías ideias, c'un prólogo do insigne Puig e Cadafall. Outro, unha nova novela de Gonzalo López Abente, o notabre autor de Alentos da Raza. Outro, un estudo sobre a emigración, en xeito d'obra teatral, d'un significado nazionalista. Y-outro acerca de problemas concretos da Terra, no senso económico e político de Lois Peña Novo.

Tamén axiña hásé d'imprentar a traxedia histórica galega de Ramón Cabanillas e Antonio Villar Ponte "O Mariscal".

O galeguismo xurde sin acougo.

#### Conferencias de Pina de Moraes e Leonardo Coimbra.

No Instituto Histórico do Miño, de Vianna do Castello, deron notabres conferencias os Sres. Pina de Moraes e Leonardo Coimbra.

O primeiro concluyeu que así como antes da guerra todo qra dirixido pol-a intelixencia, agora todo ha ser norteado pol-o sentimento, dominando á Literatura un profundo espiritualismo, pois somentes a palabra dará expresión ao que é divino, ao que é elevado, á "nuance". Y-esta corrente que xa se cou na França, reperséntanna en Portugal Raul Brandão, Teixeira de Pascoaes e Leonardo de Coimbra. Os que ven todo "novo".

O Sr. Leonardo Coimbra disertou acerca de "O estado actual do problema da alma", de xeito xenialísimo. A sua concepción da vida e da morte do infusorio á morte dos mundos é admirabel. Así como os mundos se pulverizan en electróns as almas se fragmentan en sensacións—dixo o gran filósofo, autor do "Criacionismo"—para provar despois como a xeneralización das hipótesis falseara a Ciencia, e como a i-alma superou os mundos e os seres e ha guiar a Humanidade.

Leonardo Coimbra—según o dito de Teixeira de Pascoaes—"ardé todo ele n'un incendio de palabras que impresionan fondamente."

## Teatro Galego

### En Cariño

Organizado por varios irmáns e amigos nosos, constituiuse n'este pobo un cuadro de decramación exclusivamente galego. O derradeiro 22 fixo o seu debut co'a fermosa comedia do poeta

da Raza Cabanillas, «A Man da Santina», e a bonita obría de Rodríguez Elías, «San Antón o casamenteiro».

Por noticias que temos, o éxito conquerido foi moi grande, e o público, non afeito ainda a estas demostracións de arte galego, saleu moi satisfeito. Os rapaces que a fixeron valen moito, sobro todo as mulleres, que bordaron os seus papés e de quenes podemos agardar moito en ben do noso teatro, cada vez máis puxante e vigoroso.

Un saúdo e nosa embora a todos eles.

## Novos Almacenes Coruñeses

Texidos nacionaes e estranxeiros

Vendas por maior e menor

**Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22**

A Cruña

# BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

### SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispánicos e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobor todolos países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobor valores nacionaes e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que aboa intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	á vista.
2 1/2	por	100	id.	id. a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id. a 6 id.
3	por	100	id.	id. a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

### EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucesores

### F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xenerales pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

### FARMACIA EUROPEA

— DE —

### Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua orixe que mais honran a Galicia. Montada con arrelo os derradeiros adiantos.

### Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raiña) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todos os trens.

O Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

## O DIPUTADO POR VEIRAMAR

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales libreras de Galicia.

**PRECIO: 6 REAS**

**Véndese**—Na Cruña, Administración «A Nosa Terra», e Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Geraldo Castro, en Lugo.

### Leitores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa  
Rúa do Circo, 16-VIGO

### LA SALUD

CASA DE BAÑOS  
A MILLOR DA CRUÑA  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE pra Habana e Veracruz

**Vapor FLANDRE 8 de Xunio**  
**" ESPAGNE 29 id.**

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

	HABANA	VERACRUZ
--	--------	----------

Primeira crase (varias categorías)	Ptas. 1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	» 1.100	1.200
Preferencia	» 950	1.010

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

	HABANA	VERABRUZ
--	--------	----------

Primeira (varias categorías)	Ptas. 1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda	» 1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia	» 950	1.010
TERCEIRA CRAS	» 550	600

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiro terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Française de Navigation

**Línea Brasil-Plata**

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos Aires saífan d'este porto os máñicos vapores rápidos a dobre hélice e de 10.000 toneladas

**2 de Xunio MALTE**

**27 de Xunio LIGER**

Estos vapores admiten pasaxeiro de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> económica e 3.<sup>a</sup> crás.

Prezo do billete en 1.<sup>a</sup> crás a Río Xaneiro, ptas. 2.028; a Santos, 2.084; a Montevideo, 2.364; a Bos Aires, 2.448

En 2.<sup>a</sup> intermedia, a Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires, ptas. 973'75

**Prezo en terceira, 484'60 pesetas**

NOTA.—Nenes menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; mayores de 10 anos, pasaxe enteiro

Para toda clase de informes dirixirse aos Axentes Xeneraes para Hespáña:

**ANTONIO CONDE (Hijos) Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA**

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saida do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires

O dia sairá da Cruña o paquete correo

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiro.

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase . . . " 894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25	
En segunda intermedia . . . " 690'50		690'60	690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incruidos impostos), Pesetas 485'60

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**